

ESPECTROS DE EUROPA
FKM, 10º FESTIVAL DE CINEMA FANTÁSTICO DA CORUÑA
CENTENARIO INGMAR BERGMAN (III)

A ILUSIÓN É PERFECTA: JOSÉ NIETO
PENSANDO EN CINE, PENSANDO EN GALICIA: SUSANA SEIVANE
DESENCADRES: ALBERTE PAGÁN / STAN BRAKHAGE (30-31)
FÓRA DE SERIE
CGAI JÚNIOR
OFF GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Sen solución de continuidade, a reanudación da programación implica tanto a prolongación da retrospectiva dedicada ao **Centenario Ingmar Bergman** (e que se estenderá tamén ao programa de novembro e decembro) como a novidade dun ciclo dedicado ao cine europeo dos últimos anos e que arrinca co último documental de Agnès Varda (e o fotógrafo JR), *Caras y lugares*, radiografía da Francia de hoxe en día. **Espectros de Europa** reúne catorce producións recentes que, dalgún xeito, unhas veces máis sutilmente, outras levándoo a un primeiro plano, abordan o tema da convivencia, dos conflitos derivados da emerxencia do racismo, a xenofobia ou o nacionalismo, como se aínda Stefan Zweig estivese enxergando un vello continente en chamas. Deixándonos conscientemente a un lado a vertente máis misantrópica e violenta do cine social europeo, o certo é que esta escolla de filmes fala do pasado (particularmente *Stefan Zweig: adiós a Europa*) e do presente, cando non de dúas temporalidades que se solapan, de forma literal en *En tránsito* o coa saída á luz dun pasado que se quixo soterrar para mantelo agachado (*Ida* e *Escoréu, 24 d'avientu de 1937*). Outras veces son as tensións étnicas (*Demasiado cerca, A Ciambra*), a aparición do outro, do inmigrante, polo xeral (*El otro lado de la esperanza, The Square*), o colonialismo económico (*Toni Erdmann, Western*), as consecuencias directas e máis inmediatas da crise (*La fábrica de nada*) ou, simplemente, un sentimento tan abstracto como desencantado do que outrora puido supor a utopía europea, ao menos para a xuventude (*Park, Europa*), os que nos traen de volta esa ameaza crónica, a dunha pantasma que se resiste a nos abandonar.

Estes dous ciclos comprenden os principais eixos da programación número 248 que, como decote, acolle durante unha semana, entre o 16 e o 20 de outubro, a décima edición de **FKM, Festival de Cinema Fantástico da Coruña**. Unha programación que se completa coas tradicionais seccións **Fóra de serie, Off Galicia, CGAI Júnior, Pensando en cine, pensando en Galicia, Desencadres** e á que, a partir de agora, se sumará unha nova, **A ilusión é perfecta**, froito da colaboración coa Academia Galega do Audiovisual.

Agradecementos: Feyrouz Serhal, Felipe Lage/Zeitun Films; Miguel López, Andrés Rozados; Salvador Castro Otero, Carmen Becerra, José Luis Castro de Paz; Marina Chiavegatto; Susana Seivane; Formato Producciones; Ángel Santos Touza; FKM, Festival de Cinema Fantástico da Coruña; José Nieto, Miguel Mariño/Academia Galega do Audiovisual; Alberte Pagán.

FKM, 10º FESTIVAL DE CINEMA FANTÁSTICO DA CORUÑA

En colaboración con:

O FKM Festival Internacional de Cinema Fantástico da Coruña celebra este ano a súa 10ª edición. FKM naceu en 2010 por mor da necesidade de crear un evento dedicado aos xéneros cinematográficos fantástico, de terror e de ciencia ficción, non só na cidade da Coruña, senón tamén no ámbito de Galicia. O Festival FKM está a encher un oco, demandado pola cidadanía, dentro do audiovisual e constitúese coma o 1º



Festival de xénero de Galicia que ofrece unha coitada escolma de longametraxes e curtametraxes de amplo percorrido polos mellores festivais nacionais e internacionais.

Caracterizado polas súas edicións temáticas, nesta ocasión o festival centrarase no *Sexo, provocación e censura*, e renderalle homenaxe, entre outros, a Walerian Borowczyk.

O cine de xénero ten a cualidade de pór de manifesto as nosas paixóns e os nosos medos ou a de satisfacer as nosas represións e desexos máis agochados. Por iso, é capaz de turbar ou crispár o espectador máis avezado. Isto fai del un dos terreos máis fértiles para a semente da subversión e a práctica da transgresión.

Nesta edición mostraremos e contextualizaremos a obra de autores cuxa fantasía resultou especialmente transgresora ou subversiva, ata o punto de pagar a súa ousadía coa censura, o ostracismo ou o exilio.

Walerian Borowczyk (1923-2006), de orixe polaca, foi un dos mestres do cine erótico máis importantes da historia do cine. Artista controvertido, comezou a súa carreira como deseñador gráfico facendo carteis de películas en Polonia. Logo pasou ao mundo da curtametraxe, onde colaborou con directores coma Jan Lenika ou Chris Marker e realizou curtametraxes de animación que mesturaban diversos estilos e que estaban moi influenciados polo simbolismo e o surrealismo. Borowczyk desenvolveu un estilo persnalísimo e creou películas audaces e complexas, cargadas de sensualidade e cun alto grao subversivo. A súa obra foi fortemente censurada na maioría de países e algunhas das súas películas chegaron inclusive a estar prohibidas. En España, en 1987, na TVE dirixida por Pilar Miró, suspenderon a emisión da súa película *Interior dun convento* (1978), baseada nunha obra de Stendhal e con fotografía de Luciano Tovoli, por considerala “extremadamente forte” e que ía “atentar contra cantidade de cousas”. O escándalo foi tal que a emisión de catro escenas desta película de 30 segundos de duración no programa *De 7 en 7* que se emitía os domingos, provocou a destitución do seu director e realizador, José Luís Hernández Batalla.

O **Concurso Internacional de Longametraxes Ópera Prima**, organizado polo FKM, consta dunha selección de primeiras e segundas longametraxes de directores/as. O **Concurso Internacional de Curtametraxes**, xerme do festival, presenta as mellores obras feitas no mundo. Os seus obxectivos son contribuir ao desenvolvemento da Industria e das Artes Audiovisuais e mais fomentar a incorporación de novos e novas cineastas á cultura cinematográfica; préstase especial atención ás visións de xénero e ás producións galegas.

Agradecementos: Joanna Gdowska, Instituto Polaco de Cultura, Joanna Bardzinska, Marcin Paszko, AVA Arts Foundation, Daniel Bird, Friends of Walerian Borowczyk, Alberto Ruiz de Samaniego, Amélie Rayroles, Antoine Ferrason, Tamasa Distribution, Tomasz Hagström, Studio Filmowe KADR, Laetitia Duhamel, AB-International Distribution, Ewa Bojanowska, New Europe Film Sales, Anastazja Orłowska.

* Títulos por determinar seccións *Sen límites* e *Ópera prima*: consultar programación www.fkmcine.org

A ILUSIÓN É PERFECTA: JOSÉ NIETO

En colaboración con:

O 2 de setembro de 1896 o Teatro-circo Emilia Pardo Bazán da Coruña acollía a primeira proxección de cine en Galicia. Os xornais da época describían así ese intre excepcional: "Fotografía en movemento que representa escenas da vida real. A ilusión é perfecta e o espectáculo é digno de verse". A partir deste momento, considerado o inicio da historia do cine en Galicia, moitos foron os homes e as mulleres que participaron co seu traballo e contribuíron coas súas obras ao desenvolvemento da nosa cultura audiovisual.



A Academia Galega do Audiovisual (AGA) en colaboración co CGAI-Filmoteca de Galicia, fieis a un propósito común de difusión e posta en valor do noso patrimonio audiovisual, organizan "A Ilusión é perfecta", un ciclo de proxeccións que ten como obxectivo recuperar, reivindicar e lembrar persoas e obras que, por diversos motivos, xogaron un papel destacado na historia do noso audiovisual.

"A ilusión é perfecta" recupera unha voz do pasado que resoa no presente para nos lembrar a vigorosa actualidade da mensaxe, non pola alusión ao virtuosismo técnico que permitía ver a fotografía en movemento, senón pola vontade firme de revivir a expectación e a fascinación que estas proxeccións suscitaron no seu momento.

A primeira das sesións deste ciclo está enmarcada na programación da III Semana das Músicas do Audiovisual (SEMUA), un evento organizado pola AGA en colaboración co Concello da Coruña coa finalidade de reivindicar o protagonismo da música no cine, a televisión e demais medios audiovisuais.

Este ano a SEMUA dedicará un foco especial á figura de José Nieto. Seis veces gañador do premio Goya á Mellor Música, tres veces premio do Círculo de Escritores Cinematográficos e primeiro compositor en obter o Premio Nacional de Cinematografía, está considerado o máis relevante compositor español entre as décadas dos 70 e dos 90. Nieto deixou a súa pegada no audiovisual galego ao compor a banda sonora de longametraxes como *Continental, O alquimista impaciente, Sei quen es* ou *Finisterre*.

Precisamente *Finisterre* será un dos títulos que poderemos escoitar (e ver) na dupla sesión que o CGAI dedicará á obra do afamado compositor. Con anterioridade, na mesma xornada, proxectárase *La Aldea Maldita*, de Florián Rey (1930), filme senlleiro dentro da produción de cine mudo feito en España, que se estreou na SEMINCI en 1986. Correrá ao coidado do autor presentar ambas as sesións para, unha vez rematadas, participar nun coloquio co público asistente.



MARTES



Set. **18**

19.30h.
Espectros de Europa
TONI ERDMANN
Maren Ade, 2016.
162'. DCP. Subt. Castelán.



Set. **25**

19.30h.
Espectros de Europa
THE SQUARE
Ruben Östlund, 2017.
151'. DCP. Subt. Castelán.

Out. **2**

18 e 20.30h.
Espectros de Europa
EN TRÁNSITO
Christian Petzold, 2018.
101'. DCP. Subt. Castelán.



Out. **9**

18 e 20.30h.
Espectros de Europa
EL OTRO LADO DE LA ESPERANZA
Aki Kaurismäki, 2017.
100'. DCP. Subt. Castelán.



Out. **16**

18h.
FKM
Título por determinar (sección *Ópera Prima*).
Entrada de balde.

20h.
Emisión en directo do programa de Radio 3 **El séptimo vicio**, con Javier Tolentino. Entrada de balde.

21.15
FKM
Título por determinar (sección *Ópera Prima*).
Entrada de balde.

Out. **23**

18 e 20.30h.
Fóra de serie
EL LEÓN DUERME ESTA NOCHE
Nobuhiro Suwa, 2017.
103'. DCP. Subt. Galego.



Out. **30**

18 e 20.30h.
Fóra de serie
LA CÁMARA DE CLAIRE
Hong Sang-soo, 2017.
69'. DCP. Subt. Castelán.



MÉRCORES

Set. **12**

18 e 20.30h.
Espectros de Europa
CARAS Y LUGARES
Agnès Varda, JR, 2017.
94'. DCP. Subt. Castelán.

Set. **19**

18 e 20.30h.
Centenario Bergman
EL MANANTIAL DE LA DONCELLA
(1960)
89'. DCP. Subt. Castelán.

Set. **26**

18 e 20.30h.
Centenario Bergman
PERSONA (1966)
85'. DCP. Subt. Castelán.



Out. **3**

18 e 20.30h.
Centenario Bergman
SONATA DE OTOÑO (1978)
99'. DCP. Subt. Castelán.

Out. **10**

18h.
Centenario Bergman
SUÑOS (1955)
87'. DCP. Subt. Castelán.

20.30h.
Off Galicia
ALMOINA: O HEROE INFAME
Breogán Riveiro, 2018.
60'. DCP. Presentación. Entrada de balde.

Out. **17**

18h.
FKM
Títulos por determinar (seccións *Sen límites e Ópera Prima*).
Entrada de balde.

20.30h.
FKM
Títulos por determinar (seccións *Sen límites e Ópera Prima*).
Entrada de balde.

Out. **24**

18 e 20.30h.
Centenario Bergman
EL ROSTRO (1958)
101'. DCP. Subt. Castelán...



Out. **31**

18 e 20.30h.
Centenario Bergman
LA FLAUTA MÁGICA (1975)
135'. DCP. Subt. Castelán.

Información xeral

Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria. A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións. As sesións de capacidade limitada teñen reservado un número indeterminado de butacas.

XOVES

Set. **13**

18 e 20.30h.
Fóra de serie / Espectros de Europa
Tshweesh (Feyrouz Serhal, 2017)
PARK (Sofía Exarchou, 2016)
126'. DCP. Subt. Galego / Castelán.
Presenta: F. Serhal.

Set. **20**

18 e 20.30h.
Espectros de Europa
DEMASIADO CERCA (TESNOTA)
Kantemir Balagov, 2017.
118'. DCP. Subt. Castelán.

Set. **27**

18 e 20.30h.
Espectros de Europa
WESTERN
Valeska Grisebach, 2017.
121'. DCP. Subt. Castelán.



Out. **4**

18h.
Espectros de Europa
IDA
Pawel Pawlikowski, 2013.
82'. DCP. Subt. Castelán.

20.30h.
Fóra de serie
LA NOCHE DE LOS MUERTOS VIVIENTES
George A. Romero, 1968.
96'. 35mm. Subt. Castelán.

Out. **11**

19.30h.
Espectros de Europa
LA FÁBRICA DE NADA
Pedro Pinho, 2017.
178'. DCP. Subt. Castelán.



Out. **18**

18h.
FKM: *Sexo, provocación e censura / Homenaxe a Walerian Borowczyk*
Dome (W. Borowczyk, Jan Lenica, 1958)
LOVE EXPRESS. PRZYPADK WALERIANA BOROWCZYKA (Kuba Mikurda, 2018)
83'. DCP. Subt. Castelán.
Presenta: Alberto Ruiz de Samaniego. Entrada de balde.

20.30h.
FKM: *Sexo, provocación e censura / Homenaxe a Walerian Borowczyk*
Une Collection Particulière (W. Borowczyk, 1973)
THE STRANGE CASE OF DR. JEKYLL AND MISS OSBOURNE (W. Borowczyk, 1981)
102'. DCP. Subt. Castelán.
Presentación. Entrada de balde.

Out. **25**

18h.
A ilusión é perfecta
Máster class de José Nieto en torno á música para LA ALDEA MALDITA (Florián Rey, 1930).
Entrada de balde.

20.30h.
A ilusión é perfecta
FINISTERRE, DONDE TERMINA EL MUNDO
Xavier Villaverde, 1998.
94'. 35mm. Presenta: José Nieto, compositor da banda sonora.
Entrada de balde.

En colaboración coa Academia Galega do Audiovisual

As sesións sinaladas con signos de exclamación (!) sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

Prezo da entrada
Xeral: 1'20 €
Carné Xove: 0'60 €
Abono de 10 sesións: 9 €
As sesións de entrada gratuíta notificaranse no programa.
A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se

VENRES

Set. **14**

18 e 20.30h.
Espectros de Europa
STEFAN ZWEIG: ADIÓS A EUROPA
Maria Schrader, 2016.
106'. DCP. Subt. Castelán.

Set. **21**

18h.
Espectros de Europa
EUROPA
Miguel Ángel Pérez Blanco, 2017.
63'. DCP. Subt. Castelán.

20.30h.
Fóra de serie
Presentación do libro **O lapis da luz: reescrituras de Manuel Rivas no Cine**, de Salvador Castro Otero, seguida da proxección das curtametraxes:
Que me queres, amor? (Noemí Martínez, Paula Esteban, 1998)
Xinetes na tormenta (Ricardo Llovo, 2001)
Presentan: S. Castro Otero, Carmen Becerra, José Luis Castro de Paz.
Entrada de balde.
Monte. Entrada de balde.

Set. **28**

18 e 20.30h.
Espectros de Europa
A CIAMBRA
Jonas Carpignano, 2017.
118'. DCP. Subt. Castelán.

Out. **5**

18h.
Espectros de Europa
ESCORÉU, 24 D'AVIENTU DE 1937
Ramón Lluis Bande, 2017.
67'. DCP.

20.30h.
Espectros de Europa
IDA
Pawel Pawlikowski, 2013.
82'. DCP. Subt. Castelán.



Out. **19**

18h.
FKM: *Concurso Internacional de Curtametraxes (I)*
Entrada de balde.

20.30h.
FKM: *Concurso Internacional de Curtametraxes (II)*
Entrada de balde.

Out. **26**

18h.
Desencadres: Alberte Pagán
A mosca (2017)
τεμενος (2017)
39'. HD. Presenta: A. Pagán.



20.30h.
Desencadres: Stan Brakhage (30)
ARABIC 1 - 10 (1980-1981)
80'. 16mm.

venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
CGAI. Durán Loriga, 10 baixo, 15003 A Coruña
Tel.: 881 881 270 Fax: 881 881 271
e-mail: cgai@xunta.gal

SÁBADO

Set. **15**

18h.
Off Galicia
CASTELAO. DE CHUMBO A VERBA
Miguel López, 2017.
47'. HD. Presenta: M. López.
Entrada de balde.

Set. **22**

18h.
Off Galicia
TECIDO RESISTENTE
Marina Chiavegatto, 2018.
40'. HD. Presenta: M. Chiavegatto.
Entrada de balde.

Set. **29**

18h.
Pensando en cine, pensando en Galicia
CREBINSKY
Enrique Otero, 2011.
85'. 35mm. Presentación e coloquio: Antón Reixa e a gaiteira e compositora Susana Seivane.
Entrada de balde.

Out. **6**

18h.
CGAI Júnior
PHANTOM BOY
Alain Gagnol, Jean Loup Felicioli, 2015.
84'. DCP. Versión castelá.
Entrada de balde.
(+7 anos)

Out. **13**

18h.
Off Galicia: Ángel Santos
M (Manuel Moldes – Pontevedra Suite, 1983-1987) (2017)
ADOLESCENTES (2011)
78'. HD. Presenta: A. Santos.
Entrada de balde.

Out. **20**

18h.
FKM
Títulos por determinar (seccións *Sen límites e Ópera Prima*).
Entrada de balde.

Out. **27**

18h.
Desencadres: Stan Brakhage (31)
ARABIC 11 - 19 (1981)
75'. 16mm. Entrada de balde.

Día Mundial do Patrimonio Audiovisual

Subtitulado electrónico*: Subtitula'm S.L.

Información adicional sobre ciclos e filmes: <https://cgai.xunta.gal>